

5 MOTIVOS ENTRE OUTROS MOITOS... PARA REXEITAR O ACORDO SALARIAL

O pasado 27 de novembro, UGT, CC00 e CSIF asinaron coa Administración un acordo de actualización salarial para os empregados e empregadas públicos.

Por que a CIG non asinou este acordo? Sobran os motivos...

1


CONTINUAMOS A PERDER PODER ADQUISITIVO.

Asinouse unha suba do 2,5% para 2025 mentres que o IPC se sitúa xa no mes de novembro no 3,1%. Para 2026 acordaron unha suba do 1,5% + 0,5% variable, cando as previsións do IPC se sitúan xa arredor do 2,4%. Non existe ningunha medida para blindar que o goberno de turno cumpra cos acordos pactados para 2027 e 2028.

2

NON RECUPERAMOS A PERDA ACUMULADA.

O resultado do acordo asinado por UGT e CC00 para os anos 2022-2024 foi, ao final do período, dunha perda do 2,3% de poder adquisitivo, ao quedar as subas pactadas por debaixo das subas do IPC. Este novo acordo non recolle ningunha medida para recuperalo.



*IPC 2025 a fin do mes de novembro. IPC 2026 proxectado por FUNCAS

**ESTE É UN ACORDO A PERDAS...
...SOBRE PERDAS.**



Confederación Intersindical Galega
ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

3

ESTE ACORDO É AÍNDA PEOR QUE O ANTERIOR.

A suba media no acordo 2022-2024 era dun 3,16% anual, mentres que no acordo asinado agora para o período 2025-2028 é dun 2,75% ao ano. A pesar disto, CSIF, que criticou ferozmente o anterior acordo, súmase e defende o novo, sendo moito máis lesivo que o anterior. Os sindicatos estatais ao servizo da incoherencia...

Sabías que...?

O Real Decreto 14/2025 polo que o goberno aprobou a aplicación das subas pactadas no acordo con UGT, CCOO e CSIF só fai referencia ás actualizacións salariais de 2025 e 2026 e **non menciona nada sobre as de 2027 e 2028?** Logo, **quen asegura que serán aplicadas?**

4

VULNERA O DEREITO SINDICAL Á NEGOCIACIÓN.

Este acordo supón unha flagrante vulneración do dereito á negociación das traballadoras, xa que foi negociado e asinado sen convocar a Mesa de Negociación. UGT, CCOO e CSIF puxeron a garabata para reunirse en despachos ás escuras coa Administración, sen querer escoitar a tódalas forzas sindicais lexitimadas para a negociación.

5

É UN FEIXE DE VELLAS PROMESAS INCUMPRIDAS.

Cando todas as forzas sindicais temos criticado o incumprimento sistemático do anterior acordo... por que agora os sindicatos estatais fían todo a unha Administración que demostrou non ter interese ningún por mellorar as condicións das traballadoras e traballadores dos servizos públicos? A maior parte dos acordos aprobados desta volta non son máis que promesas incumpridas no anterior acordo:

- * Xornada de 35 horas... promesa incumprida do acordo de 2022.
- * Derrogación do RD 20/2012... promesa incumprida do acordo de 2022.
- * Desenvolvemento do grupo B... promesa incumprida do acordo de 2022.
- * Teletraballo... promesa incumprida do acordo de 2022, e seguen co acordo de teletraballo asinado gardado nun caixón...

O QUE OS SINDICATOS DE GARABATA ACORDAN

VS

OS DEREITOS QUE A CIG DEFENDE

ACORDO 2017 (UGT + CCOO + CSIF)

Sen ningunha suba salarial.
Mantén a taxa de reposición no 50% e no 100% para colectivos "prioritarios".

ACORDO 2018-2020 (UGT + CCOO + CSIF)

Incremento salarial ligado ao PIB, non ao IPC (índice de cálculo do custo da vida).
2018 - 1,5% + 0,25% ligado ao PIB
2019 - 2,25% + 0,25% ligado ao PIB
2020 - 2% + 1% ligado ao PIB
Mantén a taxa de reposición no 100%.
Consolida a redución salarial nas ITs.

ACORDO 2022-2024 (UGT + CCOO)

Incremento salarial.
2022 - 1,5% adicional ao 2%
2023 - 2,5% + 1% variable
2024 - 2% + 0,5% variable
Mantén a taxa de reposición no 110% e no 120% para colectivos "prioritarios".
Non recupera o 100% das pagas extra.
Mantén a posibilidade de desviar cartos públicos a plans de pensións privados.

ACORDO 2025-2028 (UGT + CCOO + CSIF)

Incremento salarial.
2025 - 2,5%
2026 - 1,5% + 0,5% variable
2027 - 4,5% (non incluído no R. Decreto)
2028 - 2% (non incluído no R. Decreto)
Sen ningunha medida que asegure a aplicación dos acordos máis alá de 2026.

A CIG MANTIVO SEMPRE A COHERENCIA NAS SÚAS REIVINDICACIÓNS, RECLAMANDO DESDE O ANO 2017, ANTE CALQUERA NEGOCIACIÓN, AS SEGUINTE PROPOSTAS:

Derrogación dos Reais Decretos Lei 8/2010, 20/2011 e 20/2012 que impuxeron recortes do 5% nos salarios, reducións das pagas extraordinarias e reducións salariais nos períodos en IT.

Cláusula de Garantía Salarial para blindar por Lei actualizacións salariais ligadas ao incremento do IPC real, para que as subas acordadas sexan subas reais, evitando a perda de poder adquisitivo.

Eliminación das taxas de reposición para todas as administracións públicas.

Xornada laboral de 35 horas.

AO LONGO DOS ANOS RECLAMAMOS INCREMENTOS SALARIAIS QUE PERMITISEN COMPENSAR REALMENTE A PERDA DE PODER ADQUISITIVO:

2017 +4%
2018-2020 +4,4% anual
Para compensar unha perda acumulada do 13,20% desde 2010.

2022-2024 +5% anual
Para compensar unha perda acumulada do 18,64% desde 2010.

2025-2028 +5% anual

SE SOBE O IPC, OS SALARIOS TAMÉN!

CLÁUSULA DE GARANTÍA SALARIAL

Na CIG temos clara e definida a solución á incesante perda de poder adquisitivo que o persoal a servizo das administracións públicas vén acumulando ao longo das últimas décadas.

Desde CIG - Administración Pública defendemos o establecemento dunha **CLÁUSULA DE GARANTÍA SALARIAL** vinculada ao IPC real e blindada por lei, que permita garantir que os salarios do persoal empregado público se actualicen automaticamente en función do custo da vida. Consideramos que esta cláusula debe constituír a base sobre a que artellar os futuros acordos salariais anuais e plurianuais, co obxectivo de recuperar progresivamente o poder adquisitivo perdido.

Esta suba automática será independente e complementaria dos incrementos salariais que podan acordarse no ámbito da negociación colectiva xeral, para que ditos incrementos sexan subas reais en lugar de espellismos fronte a carestía da vida que todas e todos padecemos.

Con este obxectivo, acadar o recoñecemento por lei da Cláusula de Garantía Salarial, a CIG - Administración Pública vén de recoller durante as últimas semanas nos centros de traballo sinaturas en apoio a esta proposta en forma de Iniciativa Lexislativa Popular.



Confederación Intersindical Galega
ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

CONTACTA COA CIG - ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

autonomica@cigadmon.gal - estado@cigadmon.gal
local@cigadmon.gal - correos@cigadmon.gal - xustiza@cigadmon.gal